REVISTA MENSUAL
DE CRENTES GALEGOS
ANO XXXIX
Nº 1032
De novembro a decembro de 2021

Benia quen constrúe a paz!



Paz á xente toda que ten boa vontade

A foto que fala

O 14 de novembro milleiros de persoas participaron na manifestación en defensa da Sanidade que percorreu as rúas de Compostela. Na foto, veciñas e veciños de Seixo (Marín) reclamando persoal médico para o seu centro de saúde.



O trasno

Daniel López Muñoz

Todovulnerable

O berce de palla e a estreliña, a burra amiga do boi, o anxo coa cantarela e mesmo o lugar, Belén, non son parte dunha crónica histórica senón dunha construción teolóxica. Hoxe xa está claro, investigado e así establecido hai máis de sesenta anos por un consenso de expertos, dos de verdade, dos que estudan décadas antes de falar, que os hai, que non todo van ser *másteres* de saldo. Trátase dunha narración literaria intencional, para dar que pensar, ser e actuar. Iso é o que ten o xénero literario mítico; non teoriza... conta historias que comunican verdades tan fondas -e neste caso tan "absurdas" para a época e revolucionarias para sempre- que non hai outra que darlles forma de conto, de historieta narrada.

O relato é *fabuloso.* No corazón do monoteísmo xudaico – Iavé, Rei dos Exércitos, pura testosterona-, dun imperio romano que adoraba un César divinizado, e dun helenismo envolvente cun Zeus que con cetro e coroa mandaba nunha tropa de deuses e deusas; no medio de todo iso describe a historia dun auténtico antiheroe, un antideus. O menos deus imaxinable: alí, nun cortello, unha muller pare, sen teito, de paso e sen medios, rodeados de pastores – excluídos por pobres e por tratar con animais- e tres magos tolos (de reis, nada; magos babilónicos), pagáns, disque astrólogos, xente "de fóra", da heterodoxia. Ah, e o anxiño, o meu preferido, con aquel universal, antiseitario, romaxeiro "paz á xente de boa vontade".

O contiño de Nadal é un ataque en toda regra ao virus da divinización do poder, dos cartos, dos patriarcas e das ortodoxias que xustifican que os cartos, o poder e os patriarcas sexan venerados. O contiño de Nadal é un potente antiviral. O divino, o sagrado, está na radical humanidade, cheira a estrume, comparte o pan con queixo, limpa cacas e pises, busca estrelas, e fai o que pode por parir vida con moi poucos medios e por facer a paz de abaixo arriba, con solidariedade e boa vontade a carradas. Viva a secularidade. A Zeus e a todos os *zeuses* comezoulles a conta atrás da xubilación. A liberación vén de abaixo, vén de fóra; fóra do pazo, fóra do templo, fóra da cidade e fóra do patriarcado. E vén ecolóxica, sen malgasto en luces.

César Augusto, Herodes e Caifás desmexaríanse con este conto anarquizante. Pero a aquela campesiña de Nazaré, aos pastores, á burra e ao boi faríalles moita ilusión ser os protas por unha vez na historia. Puro cristianismo, dese que adoita acontecer fóra do templo: unha laica e radical tenrura.

Ollo cos virus do espírito. Tomade en silencio unha dose de Nadal, estupendo antiviral.



Nota: A ilustración ten pouca calidade fotográfica pero moita calidade natalicia: unha mamá inmigrante en patera dá a luz na fragata "Navarra" logo de ser rescatada.

Editorial

Sobriedade compartida para salvar a nosa casa común

Remata o segundo ano pandémico e gustaríanos celebrar aquí que no Cumio do clima de Glasgow se acadaron compromisos claros e decisivos para arrefriar o planeta e evitar o sufrimento de tanta xente -comezando polos pobres da terra- nas vindeiras décadas. Avanzouse, pero non abondo.

Calcúlase que os plan presentados por 151 países para reduciren a emisión de gases de efecto invernadoiro en 2030 implican unha mellora: poñen o planeta nun rumbo e nunha velocidade de quecemento de 2,5º no remate do século (o tope asumible recomendado polos comités científicos é dun incremento de 1,5º). Certamente é mellor que a traxectoria que se levaba antes do cumio de París, que conducía a un quecemento de 4º. O risco de desastre é aínda moi grande. As medidas comprometidas por países moi emisores de gases como Australia, China, Arabia Saudí, Brasil e Rusia, son tan fracas e pouco cribles que nas conclusións do cumio se insta aos países asinantes a revisar aquelas estratexias e compromisos ao remate do ano vindeiro, 2022, para podermos lograr unha redución suficiente en 2030.

Os acordos son extremadamente difíciles e as consecuencias impopulares. Por iso cómpre valorar que se consoliden pequenos pasos como o do control das emisións de gas metano; o remate das subvencións aos combustibles fósiles ou o incremento de axudas dos países do norte para a adaptación enerxéticos dos países do sur.

> O futuro pasa por aceptar e cultivar unha cultura da sobriedade compartida

Un dos aspectos máis debatidos foi o difícil asunto das compensacións por danos e perdas do cambio climáticos que xa está acontecendo: illas que afogan baixo a auga, comunidades que son varridas do mapa, lumes devastadores e recursos hídricos que desaparecen.

2022 será logo un ano decisivo para sabermos que será das futuras xeracións da nosa casa común.

A conciencia global está medrando, o negacionismo climático devalando. En todo caso a cuestión crucial unha vez máis vai ser a da nosa capacidade para adaptar a maneira de vivir, consumir e movernos. Resulta evidente que o futuro pasa por aceptar e cultivar unha cultura da sobriedade compartida, da redución, reutilización e reciclaxe de recursos, de aforro enerxético. Pero esa necesidade choca frontalmente co bombardeo de anuncios publicitarios que nos consomen cada día e cos modelos de vida devastadores de recursos escasos que se nos seguen presentando como ideais de felicidade.

Salvar o planeta sen cambiar o sistema e os “modelos de felicidade” semella unha opción condenada ao fracaso.


Amiguiños si...

Carlos Vázquez G.

A forza da razón ten présa

No acordo para a renovación de cargos institucionais, como é o caso do Tribunal Constitucional, recorreuse a usos e procedementos utilizados ata a náusea no modelo bipartidista, que, polo que se ve, non foi erradicado de todo. Repartición de cromos entre as cúpulas do PP e do PSOE. "Sen complexos", como diría Aznar. E velaquí o resultado: a muller do César nin é honesta nin se molestan en que o pareza. A cidadanía está sentindo ese "perfume embriagador" que emana arreo das institucións españolas, seguramente desde aquel aciago febreiro de 1981.

Houbo un tempo no que se podía ser unha belísima persoa posuíndo, comprando ou vendendo escravos. A escravitude, coma tantas outras institucións e comportamentos, estaba intimamente ligada ao modo de produción; considerábase un "fenómeno natural", ao dicir do mesmísimo Aristóteles, e, en consecuencia, non suscitaba o máis mínimo reproche ético ou moral nin, moito menos, legal. É máis, posuír escravos era un signo de distinción e relevancia social. Hoxe a escravitude non só é un delito e un "crime contra a humanidade", senón que denigra, deshonra e envilece a quen a practica, a tolera, ou a quen se lle ocorra branqueala ou maquillala. O que non significa, velaí tes, que estea totalmente erradicada. Ende mal, a escravitude sobrevive, pero case sempre solapada, agochada ou encuberta en fórmulas aparentemente legais. Mais hoxe xa non é posible practicar ou defender



"sen complexos" a escravitude porque socialmente repugna.

Así empezan xa a repugnar estas prácticas propias do oligopolio da política que é o bipartidismo: prácticas e actitudes sectarias, connotadas pola corrupción, en reincidente fraude de lei no mellor dos casos, sempre ligadas a intereses económicos ou de poder e, no fondo, refractarias á democracia. Esta repugnancia ou repudio social, ás veces tácito pero crecente, reflíctese no desprestixio masivo da política mesma. En principio, sen matices. Tanto é así que son os políticos implicados na corrupción os máis interesados en estender a especie de que "todos os políticos son iguais", co obxectivo de xeneralizar e normalizar a corrupción na que se moven coma peixes na auga. Esta deriva levaríanos —e, en certa medida, estanos a levar— a unha sociedade encanallada, onde o abuso, a explotación, a corrupción e a violencia son o aire que se respira. É o branqueo da corrupción pola xeneralización e banalización do mal.

Empezan a repugnar estas prácticas propias do oligopolio da política que é o bipartidismo

Canto tempo tardará en cristalizar a repugnancia social da corrupción nunha forte depuración da política pola forza da razón, que evite a razón da forza? Coido que hai présa.

...pero a vaquiña polo que vale

Tino Santiago

Esperanza

Non hai número máis complicado para unha revista que o de decembro. É o número de final de ano, é o número de Nadal aínda que desde que o reciba o lector ata as festas propiamente ditas vai pasar case todo o mes. O caso é que así son as cousas no mundo da edición e en pleno novembro un ten que deixarse levar pola '*síndrome Abel Caballero*' e motivarse para un tempo no que celebramos a esperanza, pois iso, e non outra cousa, é o que o é o tempo de Nadal.

Nesas andaba cando chegou a nova da morte de Darío Xohán Cabana. Non é fácil manter a esperanza con nova como estas. Non puiden máis que sumarme, se cadra sen dereito, á "tribo que hoxe chora xunta, que é un dos xeitos de saber cal é a nosa tribo" como dixo o tamén escritor Lois Pérez.

No relato da nosa nación case clandestina non abundan os heroes militares, nin longas xenealoxías aristocráticas. Se cadra para compensar, hai creadores a fartar, non todos co mesmo mérito, que agochan a outros heroes civís. Pero non é o momento para falar diso pois leva un certo tempo e non é o caso cando falamos de Darío Xohán Cabana.


Como sabe calquera que se asomara a súa obra, e se recordou nos moitos obituarios publicados despois do seu falecemento, a escrita de Darío Xohán Cabana é un acto político, el mesmo recoñeceu que empezou a escribir "por razón patrióticas, por escribir en galego". Pero iso en si mesmo non xustifica o valor dunha obra.

No relato da nosa nación clandestina non abundan heroes militares nin xenealoxías aristocráticas

Estes días Manuel Bragado falaba dun "*poeta natural*", o critico Ramón Nicolas dun "*talento oceánico (..) da escrita dun virtuoso, dun amante da lingua coa que traballaba como ourive*" e as citas pódense multiplicar ata o infinito. Pero eu quedo coa definición da súa amiga, tamén poeta, xornalista e escritora, Margarita Ledo: "*era un poeta da esperanza*".

Darío, que intimou co Dante, se cadra sabía a que Ceo, Inferno ou Purgatorio nos encamiñamos. Claro que un diría que ao Inferno non foi, ou se cadra si pois non todos os infernos son como o que nos contou o florentino.

Na mitoloxía da miña casa hai un personaxe que se vai esvaendo co paso do tempo; o seu recordo estase adelgazando tanto que xa perdeu o nome e para uns era un médico que viña veranear e para outros un pobre de pedir. O que sobrevive era a súa singular cosmogonía do ceo e do inferno coa que escandalizaba a pequenos e maiores. "*Eu non quero ir ao Ceo,* dicíalles*, que está cheo de nenos que cagan e mexan por un. Eu quero ir ao inferno onde están os avogados, os frades e a curia*". Se cadra temos o dereito a esperar un ceo, un inferno ou un purgatorio onde haxa un anaquiño reservado para os poetas e as persoas boas.





O peto do Santo Antón

Manuel Regal Ledo



Benquerido Santo Antón:

Tardábame estar contigo, abofé! E dirás ti: "Pois mira que é ben doado; colles, desconectas un chisco do rebumbio das cousas, poste en modo silencio, abres algo o teu corazón, as túas entrañas, e xa está!" E tes razón, pois iso mesmo é o que agora estou a facer.


Que? Logo, como vos vai por aí? Supoño que recibiriades como Deus manda o noso querido Darío Xohán Cabana e con el a tanta xentiña das nosas aldeas e cidades que se nos vai indo, e con el tamén esa ringleira interminable de homes e mulleres do sur que nas augas do Mediterráneo atopan triste final para o seu devezo dunha vida máis digna. Xa que aquí non fomos quen de lles abrir as portas, que polo menos as do ceo non se lles pechen. Xa sei, xa, que aí non vos dominan as nosas mesquindades. En fin, gozade cos versos e as historias douradas do Darío e acendédevos coas vidas sagradas desa xentiña de ninguén que vai cruzando as vosas soleiras.

Nós por aquí andamos en cousas de sínodo, –sóache iso?–, dispostas a camiñar coma irmás e irmáns na compaña de quen cadre, sen reparar, ou reparando agradecidas, na cor e forma do seu corpo, da súa alma. Cousas do papa Francisco. Vainos custar o seu. Estamos moi afeitos a levantar sebes, a ollar de esguello, a amosar dereitos de dominio, a inventar razóns para a distancia e o illamento. E así nos vai.

Vemos entre nós xente ilusionada con isto, pero tamén quen desconfía de que a cousa poida dar nun cambio significativo. Hai, disque, moito amo da palabra e dos tempos, como para pensar que ambos, tempo e palabra, sexan de uso libre, gratuíto e agradecido. Vainos custar. Teremos que loitalo. Un milagre faría falla. Pero os milagres, ás veces, misteriosamente, danse.

Ben, xa che irei contando. Saúdos agarimosos por aí. E moitas grazas polo moito apreccio que nos tes e manifestas...

O CARRABOUXO por Xosé Lois







O peto común

Josecho de la Torre Culler

Tanxugueiras

Dende os inicios de Eurovisión en 1961, ningunha canción en galego lograra competir nunha lingua cooficial do Estado. Pois ben, a enquisa anual de Eurovisión que se fai entre os socios e seguidores do tradicional festival outorgou este verán unha gran sorpresa: a canción *Figa*, das Tanxugueiras, converteuse na favorita dos fans para a 66.ª edición, que terá lugar no mes de maio en Italia. A canción é unha mestura entre música tradicional e sons contemporáneos e desde entón vén soando en todas partes. Arrasa!!!, para sermos concretos.

Aínda que xa non é posible ver a canción de *Figa* en Eurovisión –xa non cumpre os requisitos–, deixa unha idea do que demanda a xente para o concurso e neste sentido é moi de festexar que a canción elixida sexa na nosa lingua. É por isto que aínda sen *Figa*, as Tanxugueiras anunciaron a súa candidatura para presentarse ao festival de Eurovisión. Así, as nosas representantes competirán no festival de Benidorm Fest cun tema inédito, *Abofé que si!,* e de saíren elixidas, serán as representantes de Eurovisión 2022..., e en galego e, como ben dixeron elas, amosando a calidade cultural e musical que temos.



Tanxugueiras é un grupo de recente formación, constituído por Sabela e Olaia Maneiro, de Teo, que cantan xunto a Aida Tarrío, de Ribeira. Son cantareiras e pandeireteiras que en 2018 publicaron o seu primeiro disco; o seu segundo traballo chegou en 2019 e proximamente darán a coñecer o seu terceiro traballo, onde se albergan as xa coñecidas cancións de *Midas* e *Figa*.

Con ou sen Eurovisión, queda claro que as Tanxugueiras están de moda e que con elas vén a confirmarse que a música tradición galega está de moda.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Hai uns días vin na televisión a historia dun señor que levaba adiante un proxecto, era o "Biblioburro". Era un paisano de Colombia que ía polas aldeas con dous burros, chamados Alfa e Beto, levando libros e contándolles historias ás crianzas. Nos burros debería levar uns cincuenta libros en total, pero as criaturas vían nel alguén máxico.

Os que traballamos nisto da educación observamos como mandar ler aos nosos mozos é igual a maldicilos, castigalos ou mesmo torturalos. A lectura é algo que non se leva e que molesta ou estorba. No caso dos adultos lectores, tamén temos a mala experiencia de vernos rodeados por libros que pouco a pouco van ocupando o noso espazo vital. Que facemos con tanto libro?

Pois existen moitas iniciativas que poden ser interesantes. Hai plataformas en internet onde se poden regalar, intercambiar ou vender a prezos baratos. Hai librerías que chos compran moi baratos e os venden. Todo é cuestión de buscar saída e facer que os libros e lecturas teñan unha segunda vida. E tamén hai unha oportunidade estupenda, que é escoller comprar nestas librerías. Así que neste Nadal podes agasallar libros que xa viviron moitas vidas, non tantas coma as do burrobibliotecario, pero si unhas cantas.



A peneira

Beatriz Cedrón



O premio Alandar 2021 recaeu na **REVOLTA DE MULLERES NA IGREXA**. O xurado dos premios valorou a aposta do movemento pola "utopía doutra Igrexa posible e necesaria, menos xerarquizada e máis Pobo de Deus, máis horizontal e menos vertical". Tamén valora a creación de "espazos de coordinación e acción conxunta con movementos similares en Europa, América Latina e Norteamérica" pola rede, á que cualifica como "un dos movementos eclesiais máis importantes dos últimos anos en España".

O CDR O Viso promove un percorrido por **LODOSELO** ao longo de 12 paradas, que, a través de códigos QR, queren dar a coñecer o medio e resaltar as diferenzas que os fan singulares. O xogo, dirixido a todas as idades e ofrecido en aberto para quen queira achegarse, pretende que se interactúe coa poboación local nun itinerario secuencial no que se ofrece información sobre construcións, usos do territorio, emprego de materiais ou infraestruturas.





S.O.S. OURENSE reuniu máis de 2000 persoas para denunciar a situación crítica na que se atopan a cidade e a provincia. Na convocatoria, apoiada por 70 entidades, dirixíronse consignas contra o alcalde da capital e o presidente da deputación, responsabilizando estas institucións da deriva da cidade e do baleirado de infraestruturas e das institucións culturais coma o Auditorio, o Museo ou a Universidade Popular.

A REDE GALEGA CONTRA A POBREZA é unha entidade que une varias ONG que loitan contra a pobreza, a exclusión e a desigualdade social e de xénero. O informe "Estado da pobreza en Galicia 2020" sinala que o 25,7 % da poboación galega está en risco de pobreza ou exclusión social, destaca o agravamento da feminización da pobreza e o impacto dos prezos da vivenda na loita contra ela. A maiores, Save the children denuncia que España é o terceiro país da UE con maior taxa de pobreza infantil.



"O galego é a miña lingua. Se non escribise en galego, non escribiría… Nos tempos de hoxe vemos, agás que non queiramos ver, que a supervivencia do galego está gravisimamente comprometida. Se as cousas non cambian radicalmente de aquí a vintecinco ou trinta anos, o galego está practicamente reducido a estatuto de lingua morta, aínda que ilustre… e mesmo me fan cabrear moitas das cousas que observo con respecto ao bilingüismo harmónico…". **DARÍO XOHÁN CABANA** (entrevista en *Cultura Galega*, 2001).



Na parroquia dos Ánxeles (Brión), a Asociación **DAQUÍ DARREDOR** vai por volta de dous anos que puxo en marcha a súa cociña colaborativa, co obxecto de transformar produtos locais para a venda de proximidade. Para tal fin, a veciñanza transforma os excedentes das súas hortas en masas e conservas para a venda e, ao tempo, organiza a través da asociación unha feira (o Mercado Daquí Darredor) con produtos labregos, artesanía, segunda man... os primeiros e terceiros venres de mes, das 5 ás 9 do serán.



Movistar deixa sen telefonía fixa ao **FOLGOSO DO CAUREL** dende novembro. A alternativa que ofrece a operadora (cambiar a fibra óptica) non cobre as necesidades da comarca, xa que só chega a dous núcleos –Seoane e Folgoso–, desatendendo todos os demais. O sistema de radio ou satélite, habitual no rural tampouco soluciona o problema, por falta de cobertura en moitos casos. A veciñanza e o concello mobilízanse para atopar solucións fronte a este novo desmantelamento de servizos no rural.

TANXUGUEIRAS será, de ser escollida, a primeira formación musical en levar ao festival de Eurovisión un tema nunha lingua diferente ao castelán en representación de España. A canción que presentan é, segundo din, un tema en galego con pandeiretas, coa súa sonoridade e os seus ritmos, de raíz. Pretenden amosar a calidade da cultura e da música galegas, impulsar a música en galego e normalizar a presenza das linguas cooficiais.



Rumores de esperanza

Christina Moreira

Illa Bufarda unha fiestra pola que mirar



As autoras da recentemente estreada película Negro púrpura, *https://negropurpura.gal/, recibiron a Irimia e partillaron o seu facer, o seu sentir e o seu pensar.*
Sabela Iglesias, Adriana P. Villanueva e Pilar Abades son as donas da produtora Illa Bufarda (Santiago de Compostela). Tres mulleres novas que apostaron pola creatividade absoluta, en galego, en Galicia, pero sen fronteiras. A bufarda é unha fiestra pola que mirar, un espazo sen límites, indispensable para crear.

Como chegastes a definir o voso proxecto?

2012, nun contexto de poscrise económica, Sabela e Adriana dixemos "Hai que tentalo" e ver se do audiovisual se pode vivir; non pensabamos pasar dos 3 anos. A partir da primeira encarga, tivemos actividade ata hoxe. Buscamos ser un espazo creativo, multidisciplinar, de deseño, animación etc. E xa van 9 anos. Un tempo de aprendizaxes e moito traballo. Logo incorporouse Pilar, hai dous anos, e a súa chegada foi importante para nós, nun momento de moito traballo. No contexto no que nós comezamos, moitos dos nosos compañeiros e compañeiras quedaban en Barcelona, Londres... traballando noutros campos.

O audiovisual, un ámbito onde as mulleres se teñen que facer valer máis...

O audiovisual, como moitos outros eidos profesionais, é un ámbito masculinizado, onde as mulleres temos dificultade para formar parte e para ter continuidade. Somos moitas as mulleres deste sector, pero precisamos demostrar constantemente o valor do que facemos. Hai moitos estereotipos segundo os roles dentro do sector. Si que é certo que nos últimos anos isto mudou algo, pero aínda queda moito que facer, posto que é unha cuestión sistémica.

Nós somos claramente feministas e apelamos á nosa responsabilidade creadora e ao poder do audiovisual para construír dende aí outro discurso.

Que acabou sendo Illa Bufarda?

Unha empresa que, aínda que consolidada, ten que lidar coa precariedade. Hai meses que cobras e meses que

> Buscamos ser un espazo creativo, multidisciplinar, de deseño, animación etc.

non. Quedar aquí e apostar polo que ti queres facer ten vantaxes, pero tamén ten un custo, e xestionalo quizais sexa o máis complexo. O proxecto, de sólido ten o que significa: está aí e sabemos que é o que nos identifica e nos gusta, que temas nos sensibilizan máis. Iso é unha vantaxe grande porque a xente xa vén a nós sabendo o que facemos. Iso fai que traballemos nun terreo no



que estarmos cómodas, con temáticas afíns, o cal é un luxo.

Viñamos dunha xeración onde nos repetían "Se estudas, has conseguir o que queres". Licenciámonos no 2009 e caeu todo en picado. Non é nin foi doado para nós, tivemos que procurar novas fórmulas sen saber nin que fórmulas había.

Sodes emprendedoras?

O sistema do emprendemento sostén un discurso do "se queres podes", de que se traballas e te esforzas, valo conseguir; un discurso moi nocivo, nada realista. Nin é tan doado nin hai apoio real. Equivale a xogar con toda a ilusión de toda esa xeración frustrada "mercantilízase a ilusión" para aproveitamento do sistema. A nosa ilusión é máis realista, a pequenas doses, pero necesaria para seguir.

Gustariades de compartir o que aprendestes no proceso da Illa, no persoal?

Maduramos na Illa. Foi como vivir o paso da adolescencia á madurez na Bufarda. A Illa achegounos moito, coas súas cousas boas e as súas dificultades. En xeral, deunos ferramentas, habilidades e confianza para a nosa profesionalización e no día a día. A día de hoxe, valoramos todo o traballo que fixemos e o esforzo.

Illa Bufarda permanece, medra, flota. Que saíu ben? Que claves do éxito salientariades?

Podería dicirse que se se entende o éxito como o poder traballar no que nos gusta, no lugar que queremos vivir e na lingua que nos representa…, entón conseguimos moito no noso camiño. A idea de éxito máis estendida, próxima ao poder, non encaixa tanto na nosa forma de entender o mundo.

> O audiovisual é un ámbito onde as mulleres temos dificultade para formar parte e para ter continuidade

Se nos puidemos manter 10 anos é que imos por bo camiño. Temos unha imaxe consolidada, seriedade e responsabilidade de cara aos proxectos que facemos con coidado. Tamén poder ampliar o proxecto cunha socia máis foi todo un logro. Ás veces, esquécenos celebrar o que saíu ben, o ritmo de traballo non sempre o permite.

Outra das cousas que evidencian que a Illa vai por bo camiño é poder ter realizado traballos como *SEX webserie* e *Negro púrpura* e *Fíos fóra*, proxectos máis persoais ou propios.

Tamén temos o noso espazo propio de traballo, con continuidade. No global, a suma de moitas cousas lévante a permitirche seguir.

Sodes un equipo humano que sabe traballar de forma colaborativa, co-creando desde o respecto, que sodes todas mulleres e galegas. Desde fóra vésevos valentes, con pulo, como xente que sabe o que quere. Isto é só un gaña pan?

É o noso medio laboral, do que vivimos e que ademais nos permite expresarnos con cada proxecto, e isto é unha sorte. Dentro da Bufarda hai amizade, experiencias vitais que lle debemos á produtora, hai moita vida. Non estamos libres de conflitos, forman parte do proceso de traballo en grupo, pero a vontade de resolver os desacordos que serven para coñecernos, serven para medrar.

Como vedes o futuro?

Vemos o futuro incerto; aínda que somos moi previsoras, a realidade non permite facer plans a longo prazo. Mais si está a confianza de que haxa menos incerteza e de que poidamos seguir a facer o que facemos con máis

Rumores de esperanza

Illa Bufarda unha fiestra pola que mirar

calidade, aínda que de xeito máis estable, sen precariedade.

Que consellos lle dariades a outra xente que queira traballar no audiovisual aquí?


Non hai unha fórmula. Diriámoslle que non hai receitas. Vénsenos á memoria un dos primeiros traballos da Illa, sobre Isaac Díaz Pardo, no que el dicía "As cousas que teñen raíces son as que permanecen no futuro". Esta frase, moi bonita, ten moito que ver coa Illa, trátase desa coherencia, ese "estar aquí" que tamén nos axudará a permanecer no futuro.

Cómpre ir pouco a pouco, asumir riscos, pero non grandes de máis, botarlle creatividade e, polo menos, durmir máis tranquilas. Nós aínda estamos para recibir consellos, a pesar dos 9 anos de andaina que levamos.

Isto entronca coa formación da Illa Bufarda...

Si, unha actividade que emprega as nosas ferramentas habituais –o audiovisual, a imaxe– combinadas con aspectos de xénero, consumismo, medios... Nas redes sociais tentamos tamén estar actualizadas de cara ás xeracións máis novas, moi expostas a cuestións visuais, medios, redes. Trátase de repensar as imaxes e ver que transmiten, se temos que facer máis dunha lectura do que consumimos, profundar un pouco máis.

Dentro da Escola da Illa, algúns dos obradoiros son de experimentación coa creación audiovisual, por exemplo, unha curtametraxe. O alumnado asume distintos roles: guión, cámara, dirección, produción, interpretación... É importante facilitar ferramentas para a expresión propia e para a análise do que contamos e como o contamos. Isto dá pé a traballar cuestións de xénero, diversidade e falar de cousas que doutro xeito estarían máis invisibilizadas. Tamén, para nós, sermos formadoras é



unha aprendizaxe constante co alumnado, sobre todo con outras xeracións diferentes á nosa.

Referentes?

Non se nos contou na universidade que hai xoias no cine galego, realizadores e realizadoras coma o Equipo Lupa, que fixeron recollidas etnográficas que descubrimos de casualidade. Margarita Ledo, co Grupo de Estudos Audiovisuais da USC, recolleu nun libro esta información, pero pode que falte a posta en valor, sobre todo cando ves que os referentes de fóra son tantos e que faltan tamén referentes mulleres. É unha mágoa que haxa que procurar esta información con tanta dificultade. [Para saber máis: https://illabufarda.gal/]

> O sistema do emprendemento sostén un discurso do "se queres podes; nin é tan doado nin hai apoio real.

In memoriam

Xurxo Souto

Serafín Mourelle, o patrón de Porcupine

"O mar non é poesía, é traballo e esforzo, tal me dixo cando o coñecín". E continuou: *"Eu nacín en Corme, crieime na Coruña, casei en Noia, vivín no Gran Sol. De onde son? Son do Mar máis ca de sitio ningún".*

Finou, aos 87 anos, Serafín Mourelle. Dicía que o mar non era poesía, mais el era un gran poeta.

O patrón de Porcupine. Pioneiro neses caladoiros –montaña submarina– ao oeste do Gran Sol. A súa sona estendíase dende o Muro até Irlanda.

Coñeceu a Mourelle? pregunteille a Cornelio O'Sullivan, provedor de barcos, nos peiraos de Castleton: *Bon patrón. Falaba moito de política.*

Si, porque Serafín –triunfador do mar– nunca esqueceu as súas orixes. Fillo dun soldado republicano, ingresou ben novo no Partido Comunista. Solidario cos que non teñen, creou, co crego Blanco Manciñeira, un economato para as familias do Muro.

- Que pasa, Serafín? A túa muller non ten cartos para ir ao mercado?

Comentoulle, con sorna, outro patrón.

- A miña ten, pero ao mellor as mulleres dos mariñeiros da túa tripulación non.

Respondeu Mourelle con contundencia de regueifeiro. *Gastei aparellos a eito, ao final atopei os carreiros do mar. Para min cruzar Porcupine foi como aqueles pioneiros que cruzaron as montañas Rochosas...* Mestre marabilloso, as súas crónicas eran iniciación para terrícolas nesoutra Galiza que se estende alén do paralelo 48.

Dicía que o mar non era poesía, afortunadamente co impulso de Xosé Iglesias –outro patrón e poeta– e de In Nave Civitas os seus versos foron recollidos nun libro, *Carapelas de Sal e Iodo.*

Palabras que naceran moito antes na auga de Irlanda. Algunha noite deixaba ao segundo no temón. Baixaba a popa e mandaba apagar as luces. Quería ver as estrelas. Visión extraordinaria que ningún terrícola ha poder contemplar. Aló lonxe de todo, cunha cervexiña na man, enfrontábase ás grandes preguntas.

Finou na Coruña. Mais –xa o sabemos– Mourelle era do mar máis ca de sitio ningún.

Marchou Serafín, mais aquí ficamos nós para honrar día a día a súa memoria. Moitas grazas, mestre. Como ti nos dixeches, *"Sempre a barlovento!".*



NAVEGANDO POR FISTERRA

(Serafín Mourelle)

De temoneiro na ponte navegamos por Fisterra.
No costado os compañeiros ollan para a nosa terra.
Vexo Cabo Corrubedo, o Pindo, Louro e Fisterra,
A Nave e mais Touriñán, o Vilaño e o Roncudo.

Aló no fondo da costa tamén ollo as nosas vilas,
vexo os piñeiros e o verde, recendo o aire da terra.

Miro o ocaso do Sol, solpor da nosa terra.
No caletre teño a vila onde a miña xente espera:
a compañeira e os fillos, os pais e mais a taberna
corredoiras e camiños, camiños da miña aldea.

Rumbo levamos de Bremen, onde a min ninguén me espera.
Coas bágoas nos ollos miro na popa a estela.
Seguimos proa de norte. Tan lonxe pero tan cerca.

Irimia en lila

Elvira Santos Pena

A REVOLTA DAS MULLERES NA IGREXA, PREMIO "ALANDAR 2021"



A revista *ALANDAR* de información social e relixiosa, que xa ten unha vida longa (desde 1983), concede cada ano o Premio Alandar a un colectivo que realice unha acción relevante e transformadora, na construcción dun mundo máis xusto e igualitario.

Este ano foi a "REVOLTA DAS MULLERES NA IGREXA" o colectivo premiado.

Considera Alandar que a Revolta é un dos movementos eclesiais máis importantes dos últimos anos en España, creando espazos de coordinación e acción conxunta con movementos similares de Europa e América Latina, aunando vontades e carismas de grupos de crentes diversos, para reivindicar o papel que deben xogar e o espazo que deben ocupar as mulleres dentro da Igrexa, superando concepcións patriarcais e clericalistas. É un movemento profético que apunta a posibilidade dunha Igrexa menos xerarquizada e máis Pobo de Deus. Así consta na acta de concesión do premio.

AS MULLERES CRISTIÁS GALEGAS, EXERIA, implicadas desde o seu comenzo na Revolta das mulleres na Igrexa, tivo presencia no acto de entrega do premio, celebrado no Colexio Maior Chaminade, en Madrid, o día 18 de novembro. Foi un acto solemne, emocionante e fermoso nun salón de actos adornado polas mulleres de Madrid, con carteis mostrando os rostros de mulleres de todos os tempos, loitadoras e tantas veces silenciadas. Facelas presentes foi unha maneira de homenaxealas.

> A Revolta seguirá "ATA QUE A IGUALDADE SEXA CONSTUME".

Houbo representación de Galicia, de Zaragoza, de Sevilla, virtual de Cataluña e de Madrid. Recolleron o premio e cada unha agradeceu a Alandar este recoñecemento, pola visibilidade que nos dá e pola enerxía que nos transmite para seguir traballando. É un premio moi merecido porque esta loita "vén de lonxe" e pouco a pouco vai dando os seus froitos. Seguiremos saíndo ás prazas, ao pé das catedrais ou das igrexas porque cremos que nós, as mulleres, podemos e queremos aportar moito máis ca a nosa presenza muda e que somos moi necesarias para que a nosa Igrexa recobre o seu sentido inicial. Unha Igrexa Pobo de Deus, onde se escoiten as voces das mulleres e se valoren, sen exclusións, en igualdade, como Xesús quería.

Utopía


Deixounos o chairego Darío Xoán Cabana, poeta, narrador, tradutor e servidor público. Tamén académico da Galega, sucedendo a Manuel María. E sobre todo militante da cultura galega, da xente labrega, da esquerda nacionalista e da terra que nos fai sermos como somos. A pesar dos aparentes vencedores.

You Shall Overcome

Venceredes vós.
Pero nosoutros
temos da nosa parte
os carballos de abril,
as espadanas, a ouricela,
o pan de sapo, as beloritas,
a ra de Santo Antón, o vagalume,
a troita, a vacaloura,
o xabaril e o corzo,
o mascato e a rula.

Venceredes vós,
pero nosoutros
temos da nosa parte
o Cadramón, o Piapaxaro,
o cabo Home, a illa
de San Simón, o lusco, o fusco,
o Castromao, o Xallas, as lagoas
innumerables de Valverde,
ou de Antioquía, o labirinto
de Mogor, as encuastras
de Novelúa, o edículo
de San Miguel de Celanova,
o dolmen de Dombate.

Venceredes vós,
romperedes a infinda
cadea que nos une
coas trabes do mundo,
pero nosoutros
mergullamos a boca
nos mil ríos de sangue
que estercaron a patria,
e no noso partido
militan todos os defuntos
que nos poñen aínda
a bosta nas zocas,
o cheiro a argazo nos fuciños,
o trono da forxa nas orellas,
a terra que xa son nas unllas.
E as feridas de ferro
ou negro chumbo e pólvora
nos corazóns atribulados.



ALBERTO G.R.

Horizonte Universal

“O tempo do medo rematou. Hai demasiado en xogo”



Na revista alemá Katholish.de publicouse recentemente esta entrevista que aquí traducimos e resumimos. Resulta sorprendente a liberdade e a honestidade coa que se expresa o presidente dos bispos alemáns Georg Bätzing, actual bispo de Limburg, na véspera do novo proceso sinodal.

A Igrexa está en crise, e non só por abusos. O número de membros, novos sacerdotes e asistentes á igrexa diminúe rapidamente. Só hai parches, non solucións. Vai a Igrexa directa a esnafrarse contra un muro?

Comparto a preocupación. Se non cambiamos nada, o cambio será total:iremos cara ao cero. O desenvolvemento da tradición estivo estancado durante décadas, e vemos as consecuencias. Cómpre un cambio radical de perspectiva na Igrexa. A pregunta non é: “Que será de nós?” Esta pregunta é inútil, só leva á frustración Cómpre cambiar a perspectiva. Non “Que será de nós?”, senón “Para quen estamos aí?”. Porque temos unha mensaxe de cuxo poder estou máis que convencido. Hoxe o Evanxeo está cheo de enerxía.

Segue a xente segue interesada nesa mensaxe?

Si, pero necesitamos novos puntos de contacto. A miña experiencia é que cando nos aventuramos noutros ambientes, descubrimos persoas que teñen as mesmas preguntas ca nós. Se estás presente alí, no desinterese, xorden espazos para cuestionarse cousas xuntos. Iso aprendémolo coa cultura da acollida. Lugares para a pregunta e actitudes de busca compartida. Non en masa. Hai que despedirse: xa non seremos un movemento de masas. Aínda así, a Igrexa debe dirixirse sempre a todos. Non se converter nunha seita...

Vostede ten posicións claras, por exemplo, nos temas de ordenación de mulleres ou o celibato. Agora, como presidente da Conferencia Episcopal tamén fala polos demais bispos. Sería necesaria máis moderación?

> Hai que despedirse: xa non seremos un movemento de masas

Eu, algo en broma, digo: Os irmáns elixíronme cando xa levaba catro anos de bispo. Eles saben das miñas crenzas e que non agacho o meu pensar. Pero tamén que son quen de cuestionarme. Se non che gusta o que digo, podes

dicirmo, mesmo publicamente. Pero este non é o momento de conterse. Non son bispo para os outros bispos, senón para os crentes da diocese. Teñen dereito a saber a miña posición. É un deber de conciencia.

Con todo, sabe que cada palabra súa se sopesa e alimenta titulares.

Teño 60 anos. O tempo do medo rematou. Antes era diferente. Por momentos estaba máis ansioso, máis reservado. Pero hai tanto en xogo no noso tempo que é importante dicir o que pensamos. Se non puidese facelo na Igrexa, esta non sería a miña casa, e si que o é.

Falaba da capacidade autocrítica. Cambiou de opinión persoal como resultado de críticas?

Pois hai opinións que teño máis claras. Considero que a cuestión da muller na Igrexa é decisiva para o futuro. Convencinme moito máis diso, tamén a través das críticas á miña posición. Estou moi influenciado por Hans Urs von Balthasar...os debates mudaron a miña perspectiva, de xeito que hoxe diría que ese auxilio teolóxico dos estereotipos de xénero, que se poden atopar mesmo nas imaxes neotestamentarias dos noivos, xa non valen no noso tempo, non resolven os nosos problemas. Antes mesmo de converterme en bispo díxenme: os argumentos do sacerdocio reservado aos homes non están asumidos polo pobo de Deus. E iso é un criterio de calidade teolóxica. Cando iso xa non pasa, teño que cuestionar a miña posición.

O Camiño Sinodal. Despois da asemblea de Frankfurt en outubro no Vaticano e na Igrexa universal hai moito vento en contra do proxecto de reforma alemán. Non está xa preprogramado o fracaso dese proxecto? Ao remate só haberá máis decepción...

Non lle teño medo. O fío da paciencia da xente estira ata romper, mesmo cos máis conectados. O elevado número de persoas que abandonan a Igrexa son sinais: "Non estamos satisfeitos con como está cambiando a igrexa e co ritmo do cambio. Queremos manter a



nosa fe, pero non vemos como facelo nesta Igrexa".

Logo o drama xa está aí. Non pode ser peor. Con respecto ao Camiño Sinodal, trátase de xestión de expectativas. Teño a expectativa de que o Camiño Sinodal esixirá agora o sacerdocio para as mulleres? Ben, iso é un tema para un concilio... Desde 1994, describiron esa cuestión como resolta e pechada. Pero non tal. Está aberta, pídese, e non se tranquilizará porque haxa mulleres noutros postos de liderado na igrexa. Igual na cuestión do sacerdocio. Aquí

O fío da paciencia da xente estira ata romper, mesmo cos máis conectados

estamos a defender un sacerdocio compatible co matrimonio. E non estamos sós niso. Pero tamén sabemos que non imos abolir o celibato como Igrexa en Alemaña. Pero queremos ofrecer argumentos.

O asunto do abuso sexual. O estudo de 2018 supuxo unha conmoción no sistema, aínda que desde 2010 estaba claro o escándalo do abuso. Que pensou?

Eu non pasei por iso na miña formación como sacerdote. Máis tarde, despois de 2010, durante a miña etapa como Vicario Xeral, decateime de que tiña algúns seminaristas que sufriran abusos. Para min foi unha constatación aterradora que me abriu os ollos. Eu mesmo veño dunha parroquia onde había un cura abusador. Un caso con todos os elementos estruturais que coñecemos: o silencio, o afastar o agresor dos rapaces para, disque, facelo inofensivo...O que lles pasou aos afectados pouco importaba. Sempre o souben, pero era moi pouco concreto porque non se falaba diso. Neste sentido, tiven todo un proceso de aprendizaxe, xestionar a decepción do que fan os curas cando abusan deste xeito do seu poder e do seu poder espiritual, que non usan para promover, senón de forma que dana a xente para toda a vida e arrinca a fe do corazón.

Con todo, a percepción pública segue sendo fatal: que hai encubrimento e só onde é absolutamente necesario, recoñecemento.

É unha preocupación lexítima. Como crente seguro que che gustaría dicir coa cabeza ben alta: son católico. Moitos xa non poden facelo. Ten que ver coa confianza perdida. O esforzo que agora estamos a facer non o debemos facer para recuperar a confianza, senón porque llelo debemos aos afectados. Hai que facelo o mellor posible. Se isto leva a unha nova confianza ou non, non está na miña man, está nas mans dos demais. A confianza dáse, non se compra nin se gaña.

DLM


Devoción hendecasílaba, persoal e transferible

"Quérote amar, Xesús, pequeno e grande,
agora igual que na existencia túa,
quero gardar como tesouro inmenso
o teu exemplo e a palabra núa.

Adórote por verte Deus concreto
carne humana e divina todo nunha,
o teu paso de ben deixou raíces
que a toda a historia humana dá fondura

Por seres forte e manso eu te sigo,
o teu amor é certo e sen fisuras,
loitas sen odio polo ben máis grande,
ningún mal te domina coa amargura.

Quérote moito porque dás consolo,
chorando ti as bágoas nos enxugas,
calando dásnos forza e dásnos luces,
contigo a vida nova nos saúda"



Como indica Portas Ferro na introdución deste longo, íntimo e esforzado poema de 1200 hendecasílabos, nada se entendería del se non se parte do que é: "un testemuño de fe persoal, orante... porque a Oda aséntase sobre as opcións teolóxicas do autor, a maior parte delas plenamente compartidas en ámbitos de fe cristiá ou de teoloxía, e algunhas outras minoritarias, por máis disputadas".

Xosé A. Miguélez agasalla o lector(a) coa súa persoal e honesta vivencia da fe, expresando en verso o seu itinerario interior, a súa particular experiencia de seguimento. E como toda experiencia humana sincera é, en boa parte, comunicable e, en certa medida, transferible entre persoas que van coa mesma honestidade na "procura de sentido". Podería considerarse un *devocionario* (día a día cadansúa estrofa), pero con métrica, con ritmo e arriscada rima (que non sempre axuda). Pero non é un epígono doutros devocionarios que foron e xa non son, ou xa non son o que eran.

Por iso, fóra do tamaño e do cristocentrismo non hai no libro semellanza co inmorredoiro "Kempis" -best seller desde Gutenberg ata antonte. Non se trata aquí de desenvolver unha esforzada musculatura imitativa dun modelo de vida conxelado no tempo, anacrónico e estereotipado fronte ao mal do mundo exterior. Aquí o que se ofrece é unha experiencia de fe persoal, gratuíta, sentida, desde dentro dun mundo que é festa e desafío, graza e tarefa.

Edita: Asociación A. IRIMIA - Dende setembro de 1981
Mesa de redacción: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.
Colaboradores: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Tareixa Ledo Regal, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu Molet, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Bea Cedrón, J.M. Barca López, Felipe Arias Vilas, Tino Santiago e Clara Baliñas Vidal.
Corrección lingüística: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.
Recepción de artigos e colaboracións en: asociacionirimia@gmail.com

Subscricións: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela.
Telf.: 615 464 095 / irimia@irimia.gal
Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.
Para asuntos da asociación non relacionados coa revista: irimia@irimia.gal
Conta: Fiare Banca Etica
ES10 1550 0001 2500 0078 9628
Depósito Legal: C-1417-81
Tirada: 650 exemplares
Deseño e maquetación: TallerDD (Riveiro)
ISSN: 2172-9182
Imprime: TÓRCULO Artes Gráficas
Distribúe: IMPACTA
Edición electrónica: http://irimia.gal
Feito en papel reciclado



Actividade subvencionada pola
Deputación DA CORUÑA

Marisa Vidal Collazo

SÍNODO DE MULLERES. ROMA 2022

Escribo isto recén chegada do primeiro encontro que a Revolta de Mulleres na Igrexa acaba de ter en Madrid, este sábado 27 de novembro. Xuntámonos 50 mulleres en representación de 15 cidades do estado nas que a revolta segue en pé. O encontro, amais de servir para coñecernos e reforzarnos de cara á celebración do próximo 8M, tamén axudou a presentar e artellar a nosa participación no próximo Sínodo de Mulleres, un Sínodo convocado pola CWC (*Catholic Women's Council*, www.catholicwomenscouncil.org) no ano 2019, pero que se viu detido pola pandemia.

Retomamos traballos a nivel internacional organizadas en 7 grupos por afinidades territoriais e fala (inglés, hispano, francés, alemán, africano e indio), artellando cinco eixos de traballo:

1.- Situación da muller na Igrexa,

2.- Poder, participación e representación,

3.- Estrutura, transparencia e rendición de contas,

4.- Vida sacramental

5.- Resistencia e esperanzas.

Iníciase agora en decembro, cunha enquisa na que diagnosticar a situación das mulleres na Igrexa respecto deses cinco puntos. A partir dela traballaranse en grupos os diferentes eixos, seguindo este método de traballo:

a) **Marco referencial**: contexto actual e situación das mulleres en cada un dos eixos.

b) **A nosa experiencia**: marco referencial que recollerá as vivencias de todas e cada unha

c) **Sospeitamos**: fundamentación teolóxica coa que cuestionar e reflexionar sobre a nosa situación actual.

d) **Recreamos**: elaboración de propostas concretas para cada eixo, dende a nosa sabedoría e creatividade.

En xaneiro presentaranse os resultados da enquisa e empezarán os traballos nos grupos en sesións que se inician en febreiro e seguirán ata xuño. As conclusións, que serán recollidas e elaboradas nas diferentes zonas, presentaranse de xeito global, en sesións virtuais, co seguinte calendario:

8 marzo	Situación da muller na Igrexa
4-8 abril	Poder, participación e representación
2-6 maio	Estrutura, transparencia e rendición de contas
6-10 xuño	Vida sacramental
4-8 xullo	Resistencia e esperanza



Mulleres Cristiás Galegas Exeria chama á participación activa de todas as mulleres neste trabalo sinodal

En setembro presentarase o *Instrumentum Laboris* que se levará á sesión plenaria que terá lugar en Roma, en encontro presencial e virtual, a primeiros de outubro.

O plan de traballo é intenso. Vén premido pola pandemia, que atrasou o inicio, e polo Sínodo da sinodalidade que se vai celebrar en Roma e no que queremos presentar as conclusións do Sínodo de Mulleres.

As *Mulleres Cristiás Galegas Exeria* imos empezar imos empezar este traballo sinodal deseñando un calendario de traballo que queremos facer aberto a todas as mulleres que poidan estar interesadas en revisar a súa situación na Igrexa e elaborar propostas que fagan posible o cambio que queremos ver. Se estás interesada en participar, ponte en contacto con nós en mcgexeria@gmail.com ou falando con calquera de nós.

Como ben dicimos na Revolta, queremos facer oír a nosa voz para que a xustiza, a igualdade e o coidado da casa común sexan costume na Igrexa!

Falando da lingua

Lidia e Valentina

NON me digas “te quero”!!!

E como vai o conto? Vai vindo o frío, xa se venta o inverno e con el a fin do ano. Ollo, que se “vente o inverno” non quere dicir que haxa vento, eh?, senón que xa se presente o inverno, xa o intuímos, xa sabemos que está ás portas.

E ao estar na casa co frío, é bo momento para repasarmos algunha cousiña de gramática. Estoutro día chegáronnos as nosas adolescentes, mozas que están no proceso de medrar, como ben indica a palabra… (*ad* –cara a– *oloscere* –merdrar–), contándonos que descubriron na clase de galego un vídeo, que xa ten para aí tres anos, cunha canción que ensina a colocar os pronomes en galego. Esta é unha das cuestións que aos non galegofalantes lles dá ben traballo… Para mostra, un presidente! Pois con *Non me digas “te quero”*, o trap da colocación dos pronomes, do youtubeiro Aquel-e, Miguel Silva, este músico rianxeiro e graduado en Lingua e Literatura Galega a mocidade seica botou unhas risas e mais estivo a cantaruxar. Deixámosvos a letra para que vos animedes:

*Se **me** dis que **me** queres*
*non **me** digas “**te** quero”.*
Recorda que o pronome
vai despois do verbo…
Se xa non me desexas,
*dime “non **te** desexo”,*
que vai diante o pronome
porque hai un adverbio
de negación,
hai un adverbio.
Se tes problemas de colocación
cos pronomes cando falas,
escoita atenta esta canción…
Recorda que o pronome
sempre vai despois do verbo,
excepto se aparece
antecedendo un adverbio.
*Ninguén **me** dixo que hoxe*
ía haber rebolo.
*Cando **me** vas chamar?*
Vou volverme tolo.
Tamén se adianta o pronome
se hai interrogativos
e o mesmo acontece
con algún indefinido,
indefinido,
indefinido…
Se tes problemas na colocación... (e repítese o refrán)

Que **vos** pareceu? A nós pareceu**nos** ben!

Se cando falen en galego, adolescentes ou non, botan man (ou lingua!) do que aprenderon coa canción, será xenial! Todos os métodos son bos con que non se lles borre da cabeza o uso correcto! Despois é coma todo, o uso dará a destreza…

E xa que estamos, imos tratar da expresión “borrar da cabeza”. Tedes este uso de “borrar” no sentido de facer desaparecer, neste caso, da memoria? É un significado diferente daquel do que falabamos no artigo da última revista, lembrades?, cando falabamos de borrar as mans coas castañas asadas.

Vós non borredes nin as mans nin a colocación dos pronomes, borrade só os malos recordos deste ano que **nos** deixa!



O fachineiro de Darío

De volta en Saor



Se me vise na obriga de escoller dous nomes da nosa literatura actual terían que ser Darío Xohán Cabana e Olga Novo. Comparten ambos a paixón pola terra: a que pisamos e a que soñamos. Quedo eximido da responsabilidade de ser orixinal porque as calidades de Darío foron merecidamente glosadas en moitas páxinas desde o seu pasamento, e tamén neste número de *Irimia*. Pero quero insistir en que morreu un dos autores máis grandes da literatura galega de todos os tempos, desde que Johan Soares de Paiva escribira o verso máis antigo coñecido na nosa lingua. O escaso trato que o fachineiro tivo con Darío -incluído o troco do meu pan de forno de pedra polos tomates do seu horto- deu para entender que un estaba perante un saber infindo e un inconmensurable amor polas palabras. Baixo esa primeira aparencia esquiva aparecía o home cuxa bagaxe lle permitía falar cun coñecemento abraiante sobre calquera eido da República das Letras. Quero que a voz de Darío peche este fachineiro cun fragmento do emocionante soneto shakesperiano que compuxo á morte do seu pai: *Se cando a morte pálida me apañe/deixo no mundo un pouco de memoria/eu quero que o teu nome me acompañe/se che pode servir dalgunha gloria.* E que remata co incondicional recoñecemento deste dístico: *E se así for, e após a morte eu brillo/ seupan que eu fun quen son por ser teu fillo.*

A.Q.